O DOCUMENTO DEBERÁ CUBRIRSE A MÁQUINA OU CON LETRAS MAIÚSCULAS

**PROTECCIÓN DE DATOS.-** Para os efectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro (BOE do 14-12-1999), de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos consignados neste modelo serán incorporados ao Ficheiro Xeral de Afiliación, regulado pola Orde de 27-07-1994. Respecto dos citados datos poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos térmos previstos na devandita Lei orgánica 15/1999.

## INSTRUCIÓNS PARA CUBRIR O MODELO

Este modelo cubrirase cando un/unha **empresario/a envíe a algún/algunha dos/das seus/súas traballadores/as** a realizar a actividade temporalmente noutro país e en aplicación das normas internacionais de Seguridade Social poida ser de aplicación a lexislación española de Seguridade Social. E igualmente o/a **traballador/a por conta propia** que se traslade temporalmente a realizar a súa actividade a outro país e poida seguir mantendo a súa alta no Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia de acordo coa norma internacional aplicable.
Tamén se cubrirá no suposto de realizar a actividade por conta allea ou propia simultánea ou alternativamente en varios países da Unión Europea, Espazo Económico Europeo e Suíza.

### 1.- DATOS DO/A TRABALLADOR/A QUE SE DESPRAZA

Indicar os datos personais do/a traballador/a desprazado/a.

### 2.- TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA - DATOS LABORAIS

Indicar a razón social ou apelidos e nome da empresa que despraza ao/á traballador/a.
Se o/a traballador é contratado/a para realizar a actividde noutro país, debe ter antecedentes na Seguridade Social española, de acordo co que establecen as normas internacionais para consideralo/a traballador/a desprazado/a.
Cando o desprazamento se produza en aplicación do Regulamento CE 883/04 e o/a traballador/a teña contrato coa empresa de destino, quen pola súa vez lle aboa todo o salario, non pode ser de aplicación o artigo 12.1 do citado regulamento, e procede a aplicación do artigo 16, independentemente do período solicitado.

### 3.- TRABALLADOR/A POR CONTA PROPIA- DATOS LABORAIS

Se o/a traballador/a causa alta no Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia para realizar a súa actividade noutro país non se pode considerar traballador/a desprazado/a, de acordo co que se dispón nas normas internacionais de Seguridade Social. Indicar o tipo de actividade que desenvolva en España que ten que ser a mesma ou similar á desenvolvida no país de destino.

### 4.- DATOS DO DESPRAZAMENTO

**4.1. EXERCICIO DE ACTIVIDADE NUN SÓ PAÍS DE DESTINO**

Este apartado cubrirase, cando durante o periodo solicitado o/a traballador/a vai realizar a súa actividade nun só país de destino. Se o período solicitado é inferior a doce meses e prevé que ao longo dos doce meses seguintes vai realizar tamén actividades noutro ou outros países de destino, pódese considerar que realiza actividade en dous ou máis países e neste suposto cubrirase o apartado 4.2

- ☛ **PAÍS DE RESIDENCIA HABITUAL:** para determinar se procede a aplicación da Seguridade Social española é importante indicar o país de residencia e a data dende cando reside nese país.
- ☛ **ACTIVIDADE NO PAÍS DE DESTINO: d**ebe indicar se a actividade que realiza noutro país é por conta allea ou propia. Se é por conta propia esta actividade ten que ser similar á realizada en España.
- ☛ **LUGAR DA ACTIVIDADE**: cando a actividade a realiza nunha empresa debe indicar os datos relativos ao nome ou razón social e o número de identificación asignado nese país para os efectos de Seguridade Social. En relación co domicilio indicar a rúa, número, poboación e código postal nos apartados correspondentes. Marcarase “non ten dirección fixa” cando o/a traballador/a realiza a súa actividade por todo o territorio do país de destino e se aloxa en hoteis
- ☛ **PAÍS DE DESTINO**: indicar o país onde vai a estar desprazado. **Cando se trate dun país non pertencente á Unión Europea débese achegar o formulario establecido para o efecto. (Ver cadro anexo).**
- ☛ **PERÍODO DE DESPRAZAMENTO**: indicarase o **período total** que se prevé que vai a durar o exercicio da actividade noutro país. **Cando o desprazamento se produza a un país con convenio bilateral tramitarase primeiro o período correspondente ao desprazamento inicial. (Ver cadro anexo).**

**4.2. EXERCICIO DE ACTIVIDADE EN DOUS OU MÁIS ESTADOS MEMBROS: (só UE, EEE e Suiza)**

Cubrirase nos supostos nos que o/a traballador/a exerce normalmente a actividade simultánea ou alternativamente en dous ou máis países da Unión Europea, do EEE e Suíza.

4.2.1. <u>TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA EN DOUS OU MÁIS ESTADOS MEMBROS</u>

Para cubrir este apartado considérase que procede a lexislación española nos seguintes supostos:

- ☛ Se o/a traballador/a reside e realiza **unha parte substancial** da súa actividade en España.
- ☛ **Se non realiza unha parte substancial da actividade en España,** tamén se lle aplica a lexislación española**:**
- ☛ Cando o/a traballador/a está contratado por unha ou varias empresas, todas con sede en España, independentemente do país de residencia sempre e cando o/a traballador/a non realice unha parte substancial da súa actividade no seu país de residencia. Neste caso aplicaríase a lexislación do país de residencia.
- ☛ Se o/a traballador/a reside en España e está contratado por dúas ou máis empresas, con sedes cada unha en diferentes Estados membros, das cales dúas polo menos non teñen sede en España. Ex. un/ha traballador/a contratado/a por unha empresa alemá, outra francesa e de existir unha terceira podería ser española ou doutro país diferente aos anteriores.

Tamén se aplica a lexislación española cando o/a **traballador/a non reside en España, non exerce unha parte substancial da súa actividade no seu país de residencia,** pero exerce a súa actividade para unha empresa con sede en España e para outra ou outras con sede no Estado membro de residencia.

Aos membros da tripulación de voo aplícaselles a lexislación do país sede da súa “BASE”. Defínese “BASE” como o lugar asignado polo operador a cada tripulante, no cal habitualmente este comeza e remata un ou varios períodos de actividade e no que, en condicións normais, o operador non se responsabiliza do aloxamento do tripulante.

- ☛ **PAIS DE RESIDENCIA HABITUAL**: para determinar se procede a aplicación da Seguridade Social española é importante Indicar o país de residencia e a data dende cando reside nese país.
- ☛ **PAÍS ONDE SE ATOPA A “BASE”**: para os membros da tripulación de voo indicar o país da “BASE”
- ☛ **PAÍSES ONDE VAI EXERCER A ACTIVIDADE**: indicar só os países nos que se prevexa que vai a realizar a súa actividade.
- ☛ **PERÍODO QUE SOLICITA**: o período para consignar non será superior a doce meses. Se o período previsto de desprazamento é superior, deberá tramitar unha nova solicitude cada vez que se precise con períodos de doce meses.
- ☛ **NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA DE DESTINO**: cubrir cando sexa necesario, e indicar o nome e o enderezo completo: rúa, número, localidade e código postal.

Actividades para as que se considera que se poida realizar a actividade en dous ou máis países: artistas, toureiros, deportistas, guías turísticos, transportistas. (Actividades polas que sexa obrigatoria a inclusión na Seguridade Social de/os outro/s país/es).

4.2.2. TRABALLADOR/A POR CONTA PROPIA EN DOUS OU MÁIS ESTADOS MEMBROS

Considérase que procede a lexislación española nos seguintes supostos:

- Se reside en España e exerce unha parte importante da súa actividade en España. Considérase que se realiza unha parte importante ou substancial da actividade no país de residencia cando exerce nese país unha parte cuantitativamente importante do conxunto das súas actividades, tendo en conta o volume de negocios, o tempo de traballo, o número de servizos prestados ou os ingresos que en cómputo global non pode ser inferior ao 25%.
- Se non reside en España pero o centro de interese das súas actividades está en España. Para determinar o "centro de interese" terase en conta o lugar onde se atope a sede fixa e permanente das actividades do/a interesado/a.

☛ **PAÍS DE RESIDENCIA HABITUAL:** para determinar se procede a aplicación da Seguridade Social española é importante indicar o país de residencia e a data dende cando reside nese país.

☛ **PAÍSES ONDE VAI A EXERCER A ACTIVIDADE:** indicar só os países nos que se prevexa que vai a realizar a súa actividade.

☛ **PERÍODO QUE SOLICITA:** o período para consignar non será superior a doce meses. Se o período previsto de desprazamento é superior, deberá tramitar unha nova solicitude cada vez que se precise con períodos de doce meses.

☛ **NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA DE DESTINO:** cubrir cando sexa necesario, e indicar o nome e o enderezo completo: rúa, número, localidade e código postal.

4.2.3. TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA NUN PAÍS E POR CONTA PROPIA NOUTRO

Para determinar se procede a lexislación española é preciso que indique o país de residencia habitual, país onde exerce a actividade por conta allea e o país onde exerce a actividade por conta propia.

Se exerce unha actividade por conta allea en España e polo tanto suxeita á Seguridade Social española e ademais realiza unha actividade por conta propia noutro país, debe estar suxeito tamén á lexislación española pola actividade por conta propia que realiza no outro país.

4.2.4. DESCRICIÓN DA NECESIDADE DO DESPRAZAMENTO

Indicar os motivos que xustifiquen o desprazamento e a actividade que vai realizar.

## 5.- DOMICILIO PARA NOTIFICACIÓNS

Indicar o domicilio ao que se desexa sexan remitidas as resolucións, escritos e demais documentación que xere esta solicitude.

## ÓRGANO AO QUE SE DIRIXE A SOLICITUDE

**Cando se trate de períodos que corresponden a un desprazamento inicial, segundo os cadros adxuntos, a solicitude dirixirase a calquera dirección provincial ou administración da Tesourería Xeral da Seguridade Social.**

**Se o período lle corresponde ao indicado como "prórrogas" e "outros desprazamentos" a solicitude dirixirase á Tesourería Xeral da Seguridade Social.- Servizos Centrais- C/ Los Astros, 5 -7 - 28007 Madrid.**

# ANEXO

## DESPRAZAMENTOS EN APLICACIÓN DOS REGULAMENTOS COMUNITARIOS

**PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA:** Alemaña, Austria ,Bélxica, Bulgaria, República Checa, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido (Xibraltar) Romanía e Suecia.

**PAÍSES DO ESPAZO ECONOMICO EUROPEO (EEE):** Islandia, Liechtenstein e Noruega.

**SUÍZA**

| REGULAMENTO CE 883/04 | | | |
|---|---|---|---|
| **DESPRAZAMENTOS INICIAIS** | | | |
| **DESPRAZAMENTOS A UN SÓ PAÍS** | | | |
| **TRABALLADORES/AS** | **ARTIGO** | **PERÍODO** | **FORMULARIO** |
| REX. XERAL<br>Rex. Especial do Mar (conta allea) | 12.1 | 24 MESES | A.1 |
| RETA (Autónomos)<br>Rex. Especial do Mar (conta propia) | 12.2 | 24 MESES | A.1 |
| Rex. Especial do Mar (conta allea) | 11.4 | Sen límite (1) | A.1 |
| **Funcionario** | **11.3.b** | Sen límite (1) | **A.1** |
| **EXERCICIO DE ACTIVIDADES EN VARIOS PAÍSES** | | | |
| **TRABALLADORES/AS** | **ARTIGO** | **PERÍODO** | **FORMULARIO** |
| REX. XERAL<br>Rex. Especial do Mar (conta allea) | 13.1 | Sen límite (1) | A.1 |
| RETA (Autónomos)<br>Rex. Especial do Mar (conta propia) | 13.2 | Sen límite (1) | A.1 |

*(1)Sen límite: neste suposto as solicitudes efectúansepor períodos de doce meses.*

| REGULAMENTO CE 883/04 | | |
|---|---|---|
| **OUTROS DESPRAZAMENTOS** | | |
| **ARTÍGO** | **PERÍODO** | **FORMULARIO** |
| 11.5 | Sen límite | A.1 |
| 13.3 | Sen límite | A.1 |
| 13.4 | Sen límite | A.1 |
| 15 | Sen límite | A.1 |
| 16 | Sen determinar | A.1 |

Se é de aplicación o Regulamento CEE 1408/71 considéranse **desprazamentos iniciais** os seguintes artigos*:*

- 14.1a, 14 bis.1a: Tramítanse co formulario E.101 polo período máximo de 12 meses.
- 14.2a, 14.2b, 14 bis.2: Tramítanse co formulario E.101 por un período de 12 meses prorrogables sen límite de tempo.

*Considéranse como* "**outros desprazamentos**"*:*

- Artigo 14.1b e 14bis.1b: Tramítanse co formulario E.102 polo período máximo de 12 meses.
- Artigo 17: Tramítanse co formulario E.101 e o período non vén determinado no regulamento.

**INFORMACIÓN NA WEB**: http://ec.europa.eu/social/main.jsp?langId=en&catId=868
http://ec.europa.eu/social/main.jsp?langId=en&catId=858

# DESPRAZAMENTO INICIAL

## DESPRAZAMENTOS EN APLICACIÓN DOUTRAS NORMAS INTERNACIONAIS

| | | CONVENIOS BILATERAIS DE SOCIAL | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | DESPRAMENTO INICIAL | | | PRÓRROGAS | | |
| | | PERÍODO MÁXIMO | | FORMULARIO | PERÍODO MÁXIMO | | FORMULARIO |
| PAÍSES | NACIONALIDADE | C. ALLEA | C. PROPIA | AMBOS OS DOUS | C. ALLEA | C. PROPIA | AMBOS OS DOUS |
| ANDORRA | TODAS | 2 ANOS | 1 ANO | E/AND.101 | 3 ANOS | 1 ANO | E/AND.2 |
| ARXENTINA | TODAS | 24 MESES | 24 MESES | E-ARG F1 | S/D | S/D | E-ARG F-2 |
| AUSTRALIA | TODAS | 5 ANOS | 5 ANOS | E/AUS.1 (Cert.) | S/D | S/D | E/AUS.2 (Cert.) |
| BRASIL | TODAS | 3 ANOS | 2 ANOS | E/B.1 | 2 ANOS | ---- | E/B.2 |
| CANADA | TODAS | 5 ANOS | ---- | E/CDN.3 | S/D | ---- | E/CDN.3 |
| CABO VERDE | TODAS | 3 ANOS | 3 ANOS | E/CV.1 | 1 ANO | 1 ANO | E/CV.2 |
| CHILE | ESPAÑA/CHILE | 3 ANOS | 3 ANOS | E/CHL.1 | 2 ANOS | 2 ANOS | E/CHL.2 |
| CHINA | TODAS | 72 MESES | ---- | ES/CN.1 | S/D | ---- | ES/CN.1 |
| COLOMBIA | ESPAÑA/COLOMBIA | 3 ANOS | 3 ANOS | ES/CO.3 | 3 ANOS | 3 ANOS | ES/CO.4 |
| COREA | TODAS | 60 MESES | 60 MESES | ES/KR.1 | S/D | S/D | ES/KR.1 |
| REP. DOMINICANA | ESPAÑA/REP. DOMINICANA | 3 ANOS | 3 ANOS | ES/DO.1 | 2 ANOS | 2 ANOS | ES/DO.2 |
| ECUADOR | TODAS | 3 ANOS | 3 ANOS | ES/EC.03 | 2 ANOS | 2 ANOS | ES/EC.04 |
| ESTADOS UNIDOS E PORTO RICO | TODAS | 5 ANOS | ---- | E/USA.1 E/USA.1A(*) | 1 ANO | ---- | E/USA-1 |
| FILIPINAS | ESPAÑA/FILIPINAS | 5 ANOS | 2 ANOS | E/FIL.1 (Cert.) | ---- | ---- | E/FIL.2 (Cert.) |
| XAPÓN | TODAS | 5 ANOS | 5 ANOS | ES/JP.07 | S/D | S/D | ES/JP.07 |
| MARROCOS | ESPAÑA/MARROCOS | 3 ANOS | ---- | EM-10 | S/D | ---- | EM-10 |
| MÉXICO | ESPAÑA/MÉXICO | 2 ANOS | 2 ANOS | ESP/MEX.1 | 2 ANOS | 2 ANOS | ESP/MEX.2 |
| PARAGUAI | TODAS | 24 MESES | 24 MESES | ES/PA.1 | S/D | S/D | ES/PA.2 |
| PERÚ | TODAS | 2 ANOS | 2 ANOS | E/PE.1 | 1 ANO | 1 ANO | E/PE.2 |
| FEDER. RUSA | ESPAÑA/FEDER. RUSA | 5 ANOS | ---- | E/R.1 (Cert.) | S/D | S/D | E/R.2 (Cert.) |
| TUNISIA | ESPAÑA/TUNISIA | 24 MESES | ---- | ES/TUN.101 | 24 MESES | ---- | ES/TUN.102 |
| UCRAÍNA | ESPAÑA/UCRAÍNA | 2 ANOS | 2 ANOS | E/UCR.1 | 2 ANOS | 2 ANOS | E/UCR.2 |
| URUGUAY | TODAS | 2 ANOS | ---- | EU.5 | S/D | ---- | EU.6 |
| VENEZUELA | ESPAÑA/VENEZUELA | 2 ANOS | ---- | E/V.2 | 1 ANO | ---- | E/V.2Bis |
| REINO UNIDO | TODAS (desprazamentos só a illas de Man e Jersey) | 12 MESES | ---- | E/UK-1 | 12 MESES | ---- | E/UK-2 |
| SUÍZA | NONNACIONAIS DA UE | 24 MESES | ---- | E/CH-1 | S/D | ---- | E/CH-1 |

*(1) Cando a solicitude se refira a funcionarios, esta dirixirase a calquera dirección provincial ou administración da Tesourería Xeral da Seguridade Social.*

*(*) O formulario E/USA.1A só para desprazamentos de artistas por períodos inferiores a 90 días*

| | | CONVENIO MULTILATERAL IBEROAMERICANO DE SOCIAL | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | DESPRAZAMENTO INICIAL | | | | PRÓRROGAS | | |
| | | PERÍODO MÁXIMO | | FORMULARIO | | PERÍODO MÁXIMO | | FORMULARIO |
| PAÍSES | NACIONALIDADE | C. ALLEA | C. PROPIA | C. ALLEA | C. PROPIA | C. ALLEA | C. PROPIA | C. ALLEA |
| BOLIVIA | TODAS | 1 ANO | 1 ANO | IBERO-3 | IBERO-4 | 1 ANO | ---- | IBERO-5 |
| CHILE | TODAS AGÁS ESPAÑA/CHILE | 1 ANO | 1 ANO | IBERO-3 | IBERO-4 | 1 ANO | ---- | IBERO-5 |
| O SALVADOR | TODAS | 1 ANO | 1 ANO | IBERO-3 | IBERO-4 | 1 ANO | ---- | IBERO-5 |
| URUGUAY | TODAS | ---- | 1 ANO | ---- | IBERO-4 | ---- | ---- | ---- |

*Os formularios CM-1, CM-2 e CM-4 son provisionais.*

| | | CONVENIO EUROPEO DE SOCIAL | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | DESPRAZAMENTO INICIAL | | | PRÓRROGAS | | |
| | | PERÍODO MÁXIMO | | FORMULARIO | PERÍODO MÁXIMO | | FORMULARIO |
| PAÍS | NACIONALIDADE | C. ALLEA | C. PROPIA | AMBOS OS DOUS | C. ALLEA | C. PROPIA | AMBOS OS DOUS |
| TURQUÍA | AU, BE, ES, IT, LU, NL, PT E TURQUÍA (*) | 1 ANO | ---- | EC.1 | S/D | ---- | EC.2 |

*S/D: sen determinar, é dicir o período non está recollido no convenio*

*(*) Austria, Bélxica, España, Italia, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal e Turquía*

MINISTERIO
DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL

TESOURERÍA XERAL
DA SEGURIDADE SOCIAL

# TA.300-G TRABALLADORES/AS DESPRAZADOS/AS

Rexistro de presentación

Rexistro de entrada

(VER INSTRUCIÓNS PARA CUBRIR O MODELO E LUGAR DE PRESENTACIÓN)

## SOLICITUDE DE INFORMACIÓN SOBRE A LEXISLACIÓN DE SEGURIDADE SOCIAL APLICABLE

### 1. DATOS DO/A TRABALLADOR/A QUE SE DESPRAZA

PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | NÚMERO DE SEGURIDADE SOCIAL

DATA DE NACEMENTO: Día ___ Mes ___ Ano ___

DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (Marque "X" o que proceda): DNI: ☐ NIE: ☐ PASAPORTE: ☐

N.º DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO

NACIONALIDADE

DATOS TELEMÁTICOS

ENDEREZO ELECTRÓNICO

TELÉFONO MÓBIL

ACEPTO ENVÍO COMUNICACIÓNS INFORMATIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL SI ☐ NON ☐

### 2. TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA.- DATOS LABORAIS

RAZÓN SOCIAL OU APELIDOS E NOME DA EMPRESA QUE DESPRAZA O/A TRABALLADOR/A | CÓDIGO CONTA DE COTIZACIÓN (CCC) | CÓDIGO POSTAL DO CCC

¿CONTRATOU O/A TRABALLR/A PARA SER DESPRAZADO/A? SI ☐ NON ☐

¿TEN CONTRATO COA EMPRESA DE DESTINO? SI ☐ NON ☐

¿QUEN LLE ABOA O SALARIO? A EMPRESA ESPAÑOLA ☐ A EMPRESA DE DESTINO ☐ AMBAS AS DÚAS ☐

*(Ver instrucións para coñecer cando procede aplicar a lexislación española)*

### 3. TRABALLADOR/A POR CONTA PROPIA.- DATOS LABORAIS

TIPO DE ACTIVIDADE QUE REALIZA O/A TRABALLADOR/A EN ESPAÑA

CÓDIGO POSTAL DO DOMICILIO DA ACTIVIDADE

¿CAUSOU ALTA EN RETA PARA REALIZAR A SÚA ACTIVIDADE NOUTRO PAÍS? SI ☐ NON ☐

### 4. DATOS DO DESPRAZAMENTO

4.1 EXERCICIO DE ACTIVIDADE NUN SÓ PAÍS DE DESTINO

DATOS DA RESIDENCIA HABITUAL ANTES DO SEU DESPRAZAMENTO: PAÍS ___ DATA DENDE: Día ___ Mes ___ Ano ___

EXERCERÁ A SÚA ACTIVIDADE NO PAÍS DE DESTINO:
- POR CONTA ALLEA ☐
- POR CONTA PROPIA ☐ — TIPO DE ACTIVIDADE ___
- EN EMPRESA ☐ EN DOMICILIO ☐ NON TEN DOMICILIO FIXO ☐

PAÍS DE DESTINO (ver anexo das instrucións)

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA DE DESTINO | N..º IDENTIFICATIVO

DOMICILIO

NOME DA VÍA PÚBLICA | NÚMERO

POBOACIÓN - LOCALIDADE | CÓDIGO POSTAL

**PERÍODO TOTAL DO DESPRAZAMENTO**

DENDE: Día ___ Mes ___ Ano ___

ATA: Día ___ Mes ___ Ano ___

### OUTRA DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR XUNTO CON ESTE MODELO

Cando sexa de aplicación o artigo 16 do Regulamento CE 883/04 achegarase :
- Para Francia o cuestionario CLEISS e o contrato de desprazamento.
- Para Romanía un escrito describindo a/s actividade/s que se realiza/n nese país
- Para Bélxica, os traballadores por conta propia, o cuestionario "RETA Bélxica"
- Para períodos que excedan cinco anos, un escrito alegando as circunstancias profesionais e/ou persoais que xustifiquen a necesidade de permanencia nese país.

Cando sexan de aplicación os Convenios Bilaterais, Multilateral Iberoamericano e Acordo Europeo achegarase :
- Para o "desprazamento inicial", o formulario correspondente en tres exemplares orixinais.
- Para a "prórroga ordinaria", catro exemplares orixinais do formulario correspondente e unha copia do formulario expedido para o desprazamento inicial.
- Para "acordos excepcionais", ademais do formulario de "prórroga", un escrito no que se aleguen as circunstancias profesionais e/ou persoais que xustifiquen a necesidade de permanencia nese país. Para Marrocos achegar tamén unha copia do contrato do traballador coa empresa española.

Cando a solicitude se efectuase con efectos retroactivos, achegarase un escrito no que se indiquen os motivos polos que non se solicitou no seu momento.

ADVERTENCIA:
Nas comunidades autónomas con lingua cooficial existe, á súa disposición, este impreso redactado na outra lingua oficial.

## 4.2 EXERCICIO DE ACTIVIDADE EN DOUS OU MÁIS ESTADOS MEMBROS (só UE, EEE e SUÍZA)

### 4.2.1 TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA EN DOUS OU MÁIS ESTADOS MEMBROS

DATOS DA RESIDENCIA HABITUAL — PAÍS ______ DATA DENDE: Día ___ Mes ___ Ano ___

¿REALIZA UNHA PARTE IMPORTANTE DA ACTIVIDADE EN ESPAÑA? SI ☐ NON ☐

¿TRABALLA PARA DÚAS OU MÁIS EMPRESAS CON SEDE EN ESPAÑA? SI ☐ NON ☐

¿TRABALLA SÓ PARA UNHA EMPRESA CON SEDE EN ESPAÑA? SI ☐ NON ☐

¿TRABALLA PARA DÚAS OU MÁIS EMPRESAS CON SEDE EN DIFERENTES ESTADOS MEMBROS? SI ☐ NON ☐

PAÍS NO QUE SE ATOPA A "BASE" DO/A TRABALLADOR/A (Membros de tripulación de voo) ______

*(Ver instrucións para coñecer cando procede aplicar a lexislación española)*

PAÍSES ONDE VAI EXERCER A ACTIVIDADE ______

**PERÍODO SOLICITADO** *(Máximo de 1 ano que, se procede, poderá renovarse)*

Do Día ___ Mes ___ Ano ___ Ao Día ___ Mes ___ Ano ___

CUBRIR SE FOSE NECESARIO

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA DE DESTINO ______ N.º IDENTIFICATIVO ______

DOMICILIO

NOME DA VÍA PÚBLICA ______ NÚMERO ______

POBOACIÓN - LOCALIDADE ______ CÓDIGO POSTAL ______ PAÍS ______

### 4.2.2 TRABAlIADOR/A POR CONTA PROPIA EN DOUS OU MÁIS ESTADOS MEMBROS

DATOS DA RESIDENCIA HABITUAL — PAÍS ______ DATA DENDE: Día ___ Mes ___ Ano ___

¿REALIZA UNHA PARTE IMPORTANTE DA ACTIVIDADE EN ESPAÑA? SI ☐ NON ☐

PAÍS NO QUE SE ATOPA O CENTRO DE INTERÉS DAS ACTIVIDADES ______

*(Ver instrucións para coñecer cando procede aplicar a lexislación española)*

PAÍSES ONDE VAI A EXERCER A ACTIVIDADE ______

.300

**PERÍODO SOLICITADO** *(Máximo de 1 ano que, se procede, poderá renovarse)*

Do Día ___ Mes ___ Ano ___ Ao Día ___ Mes ___ Ano ___

TTTTTTT

CUBRIR SE FOSE NECESARIO

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA DE DESTINO ______

DOMICILIO

NOME DA VÍA PÚBLICA ______ NÚMERO ______

POBOACIÓN - LOCALIDADE ______ CÓDIGO POSTAL ______ PAÍS ______ N.º IDENTIFICATIVO ______

### 4.2.3 TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA NUN PAÍS E POR CONTA PROPIA NOUTRO PAÍS

PAÍS DE RESIDENCIA HABITUAL ______

PAÍS ONDE EXERCE A ACTIVIDADE

POR CONTA ALLEA ______

POR CONTA PROPIA (*) ______

DATA DE INICIO DESTA SITUACIÓN Día ___ Mes ___ Ano ___

(*) ***Cando a actividade por conta allea está suxeita á lexislación española, procede tamén aplicar a lexislación española á actividade por conta propia realizada no outro país.***

### 4.2.4 BREVE DESCRICIÓN DA NECESIDADE DO DESPRAZAMENTO E DA ACTIVIDADE QUE SE VAI A REALIZAR

______

## 5. DOMICILIO PARA NOTIFICACIÓNS

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL ______

| TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA PÚBLICA | BLOQUE | NÚM. | BIS | ESCAL. | PISO | PORTA | COD. POSTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | |

| MUNICIPIO / ENTIDADE DE ÁMBITO TERRITORIAL INFERIOR AO MUNICIPIO | PROVINCIA | TELÉFONO |
|---|---|---|
| | | |

**ÓRGANO AO QUE SE DIRIXE A SOLICITUDE:** ______

| **LUGAR, DATA E SINATURA DA EMPRESA/TRAB. AUTÓNOMO** | **SELO DA EMPRESA** |
|---|---|
| Lugar: Data<br>Sinatura ______ | |

TA.300-G (03-02-2014)

MINISTERIO
DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL

TESOURERÍA XERAL
DA SEGURIDADE SOCIAL

# RESGARDO DA SOLICITUDE DE INFORMACIÓN SOBRE A LEXISLACIÓN DE SEGURIDADE SOCIAL APLICABLE (TA.300-G)

Coa data que se indica neste documento tivo entrada, no rexistro desta Dirección Xeral/Provincial ou Administración da Seguridade Social, a solicitude de información sobre a lexislación de Seguridade Social aplicable que se indica a continuación

DATOS DO/DA TRABALLADOR/A DESPRAZADO/A

APELIDOS E NOME

N.º DE SEGURIDADE SOCIAL

N.º DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO

TA.300-G (resgardo)
*(01-10-2016)*

Rexistro de entrada

MINISTERIO
DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL

TESOURERÍA XERAL
DA SEGURIDADE SOCIAL

# EMENDA E/OU MELLORA DA SOLICITUDE DE INFORMACIÓN SOBRE A LEXISLACIÓN DE SEGURIDADE SOCIAL APLICABLE (TA.300-G)

A súa solicitude de información sobre a lexislación de Seguridade Social aplicable e/ou o formulario que se achega a esta, non reúnen os requisitos establecidos poloart. 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e/ou os establecidos no Regulamento xeral aprobado polo Real decreto 84/1996 do 26 de xaneiro, polo que non se pode emitir a información solicitada.

DATOS DO SOLICITANTE (EMPRESA OU TRABALLADOR/A POR CONTA PROPIA)

RAZÓN SOCIAL OU APELIDOS E NOME (se é traballador/a por conta propia)

CÓD. CTA. COTIZACIÓN

NIA

De conformidade co establecido no art. 68 da Lei 39/2015, nun prazo de DEZ DÍAS, o/a solicitante deberá emendar a falta que se indica e/ou acompañar os documentos que se relacionan.

Se non se emendase a falta ou non se entregasen os documentos solicitados, arquivarase o expediente sen máis trámite.

TA.300-G (emenda)
*(01-10-2016)*

Rexistro de saída